



# Boletín Informativo do Concello



Nº: 37 ..... AGOSTO 2010

## Avisos Varios

\*No mes de setembro está previsto a contratación de 5 novas auxiliares de axuda a domicilio a través do INEM. Os interesados deberán estar atentos á **páxina web** do Concello ([www.concellodeboimorto.es](http://www.concellodeboimorto.es)) ou ó **Taboleiro de Anuncios** do Concello.

\*Rematadas as obras de construción do "Centro de Día e Miniresidencia en Boimorto" o vindeiro 13 AGOSTO o Concello organiza unha mañá de portas abertas (De 10 da mañá as 2 da tarde).

Na mesma poderase ver a distribución e os acabados das habitacións. O acto pecharase á 1 da tarde coa visita do Alcalde e dos concelleiros ás instalacións.

**\*Subvencións para rehabilitación e renovación de vivendas.** Só poderán solicitar esta subvención as persoas que estean en posesión da **Cédula de rehabilitación de Calidade**.

Este documento téñeno nas súas máns aquelas persoas que a solicitaran na convocatoria que se

abrira no ano 2009.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 20 de agosto.

\*\*\*\*\*

## Feira

\* Coa chegada dun novo mes volve estar aí a Feira de Boimorto. Este mes será o 7 de agosto, e contaremos con máis tendeiros e mais oferta gastronómica.

\*\*\*\*\*

## Festa da Xuventude

\* Posto que os **mozos** tamén **merecen un día** ao ano adicado a eles o Concello organiza a **I Festa da Xuventude**. A festa terá lugar o **31 de xullo na Área Recreativa anexa á Piscina Municipal**, dando comezo ás 12 do mediodía coa apertura da piscina.

Todas as actividades así como a entrada ao recinto serán gratúitas.

O concello autorizou a instalación dun posto de **polbo e churrasco ó xantar e á cea** que cobrará a ración a **7€** (pan e viño incluídos). Aínda que tamén se pode traer a comida da casa

As actividades contratadas polo Concello (**Futbolín Humano, Aerotrim, Festa da Escuma, Paintball, Táboa de Surf e**

**Gladiadores.)** comezaran a partir das 15:30 h. e permanecerán abertas unhas 4 horas.

A partir das 7 da tarde actuarán 3 Dj's que nos poñerán a mellor música para o desfrute de todos ata as 9 da noite que se fará un parón para cear.

Despois da cea, a iso da 23:30, haberá unha queimada popular con agasallo para os 200 primeiros que a proben e acto seguido música dos DJ's ata que a xente aguante.

\*\*\*\*\*

## *Cultura e Deportes*

### **\* Actividades de Verán.**

#### **-Noites de Cine:**

\*30/07/2010. "Pérez, o Ratiño dos teus soños" (TP) - Local social de Brates.

\*07/08/2010. "Disaster Movie" (+13 anos) - Local de Liñeiro(Anxeles).

#### **-Agosto 2010.**

-Excursión á praia de Montalvo o 4 de agosto.

-Xornada de inchables na piscina o 1 de agosto

-Excursión ao Aquapark de Cerceda o 11 de agosto.(5€)

-Kaiak en Portodemouros o 14 de agosto. (18 €)

-VII Torneo de Tenis "Concello de Boimorto" do 16 de agosto ao 28 de agosto.

-20 de agosto: Remate do Programa Tempo de Lecer.

As follas de inscrición están a

disposición dos interesados na Casa do Concello (9h. a 15h.) ou adxuntas aos "Programas de Actividades" editados polo Concello.

**\* O vindeiro 7 de agosto teremos na Casa da Cultura a actuación do "O Cantante e as Mulleres".** Obra na que actuara a coñecida actriz que lle da vida á "Señora de Palmírez" no programa LUAR.

\*\*\*\*\*

## *Enquisa Actividades*

*Xa chegan ó final as actividades do verán e queremos saber a súa opinión sobre as actividades ofertadas nestes meses, polo que lles propoñemos que cubran a seguinte enquisa e a depositen no buzón que se vai habilitar con tal fin na Casa do Concello.*

*As enquisas serán anónimas.*

*1º - Cualificación Xeral:*

1☐ 2☐ 3☐ 4☐ 5☐ 6☐ 7☐ 8☐ 9☐ 10☐

*2º-Cualificación das Actuacións:*

1☐ 2☐ 3☐ 4☐ 5☐ 6☐ 7☐ 8☐ 9☐ 10☐

*3º-Cualificación das Actividades:*

1☐ 2☐ 3☐ 4☐ 5☐ 6☐ 7☐ 8☐ 9☐ 10☐

*4º- Ranking de Actividades:*

1º \_\_\_\_\_

2º \_\_\_\_\_

3º \_\_\_\_\_

*5º-Cualificación dos Monitores Municipais:*

1☐ 2☐ 3☐ 4☐ 5☐ 6☐ 7☐ 8☐ 9☐ 10☐

*6º-Cualificación dos Monitores Externos:*

1☐ 2☐ 3☐ 4☐ 5☐ 6☐ 7☐ 8☐ 9☐ 10☐

*7º-Actividades propostas para o verán 2011:* \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\*\*\*\*\*